

ORDENANZA Nº 62

ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO POLO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NA VIA PUBLICA MEDIANTE MAQUINAS EXPENDEDORAS DE TICKETS NA CIDADE DE VIGO.

ARTIGO 1.- OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario (PPCPNT) o servizo de estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14 h., e de 16 h. a 20 h., de luns a venres agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da "Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na Cidade de Vigo".

ARTIGO 2.- OBRIGADOS/AS AO PAGAMENTO

Son obrigados/as ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario os/as condutores/as de vehículos e os/as propietarios/as entendendo por tales quen figuren no Rexistro Público que regula o Código da Circulación.

ARTIGO 3.- COTAS A SATISFACER POLAS PERSOAS OCUPANTES DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO INCLUÍDAS NO ÁMBITO DA CONCESIÓN CON COLECTORES DE ENTULLOS, ANDAMIOS, VALADOS E OUTROS APROVEITAMENTOS ESPECIAIS AUTORIZADOS POLO CONCELLO.

Por día hábil aos efectos deste servizo ou fracción e praza ocupada ou fracción a cota ascenderá a 3,50€.

Para a determinación de cada praza ocupada utilizaranse só as seguintes medidas lonxitudinais:

Unha praza de estacionamento en liña ten unha lonxitude de 4,5 metros.

Unha praza de estacionamento en batería ten unha lonxitude de 2,20 metros.

ARTIGO 4.- COTAS.

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1. Tarifa xeral pre-pagada:

1.1 Ata 33 minutos.....	0,30 €
1.2 De máis de 33 minutos ata 62 minutos.....	0,60 €
1.3 De máis de 62 minutos ata 90 minutos.....	1,00 €
1.4 De máis de 90 minutos ata 120 minutos.....	1,45 €

2. Tarifa de residentes:

A tarifa será de 0,35 € por cada dúas horas, sen límite no tempo de estacionamento.

Poderán facerse con tarxetas de estacionamento para cada trimestre natural por importe de 34,00 €/trimestre. Así mesmo, poderán adquirir tarxetas de estacionamento anuais por importe de 98,00€.

3. A tarifa postpagada, se a duración de aparcamento excédese da sinalada no ticket nun máximo de unha hora, será de 2,55 €, tarifa establecida ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

4. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento que supere as dúas horas de aparcamento no mesmo emprazamento ou rúa, existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 5,05 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

5. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento sen ticket e existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 7,30 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

ARTIGO 5.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nace a obriga de pagamento no intre de efectuar o estacionamento ou ocupación á que se refire o artigo 3.

O pagamento farase mediante a obtención dun tícket nos aparatos expedidores que deberá ser colocado en lugar visible no interior do parabrisas dianteiro.

ARTIGO 6.- XESTIÓN.

1. A xestión e recadación en período voluntario da taxa corresponderá ao concesionario.

2. O importe da recadación en período voluntario formará parte dos ingresos a percibir polo concesionario nos termos establecidos no contrato de concesión.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Para a cualificación das infraccións e sancións que en cada caso proceden estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral e restantes normas de aplicación.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2024, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓN B.O.P.:	30.DE DECEMBRO DE 1998
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	29 DE MAIO DE 2001
	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DECEMBRO DE 2005
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	14 DE DECEMBRO DE 2010

22 DE NOVIEMBRE DE 2011
21 DE DICIEMBRE DE 2012
25 DE NOVIEMBRE DE 2015
4 DE DICIEMBRE DE 2023